

Mércores 29 de febreiro ás 21.30 no Pichel

Londres (London, Patrick Keiller, Reino Unido, 1994, 85', VOSG)

LONDON (LONDRES)

A cidade de Londres que ofrece Peter Keiller non é a que coñeces ti, non é ese sucedáneo de base lunar que che venden os tratantes, tampouco é o cinema ao que estamos afeitos a ver. As localizacións son as dun peón. Literalmente. A metrópole, os seus templos e bairros, regatos, parques, cerimoniais e as súas memorias literarias, son investigados por uns peregrinos que levan unha Eclair Cameflex de segunda man - o máis nostálgico dos instrumentos. A concentración de Keiller é tan rixida que mesmo nos fai suar. Unha concentración de psicótico ollando para o conxunto de luces na hora punta. O filme é unha provocación tranquila – chama á ensoñación, honrando aos sobreviventes accidentais (como a Pedra de Londres) para os que nunca temos tempo dabondo de visitar. Postais tan familiares que mesmo podemos prescindir da súa orixe. A historia de Keiller é tan honesta nas súas ficcións como o era Defoe nas del, conxurando unha voz no silencio, un monólogo interior, irónico mais insistente – unha puntada de auga limpa penetrando no cerebro. Somos guiados cara adiante e cara atrás através das tremebundas diagonais dunha cidade que deixamos de merecer. O filme é a única evidencia de que a cidade existe.

O documental na súa forma final degradada (non é a viaxe dun descubrimento, senón a xustificación para un argumento co guiño aprobado) é carne de franquicia, unha compensación no medio da produción de entretemento: a televisión. “Bafo no cristal” como describía o escritor Emmanuel Litvinoff o Este de Londres. Un *laissez-faire* acumulativo de probas sen sentido ou un ensaio sobre a personalidade antisocial. O mundo é explicado (censurado) tal como se nos mostra, co idioma reducido a unha condición de conglomerante: unindo entre si elementos moi dispares. O método de Keiller, no que a imaxe e o texto son independentes un do outro, casan de maneira póstuma no cuarto de edición, algo moi rechamante.

London ten a forma incoherente dunha novela epistolar, unha fábula respaldada por un conxunto de feitos. O narrador, que volve logo de sete anos de exilio, fai un relaxado retrato da conciencia da cidade, fai visitas, é testemuña de acontecementos públicos, as consecuencias das políticas violentas, paisaxes fantásticas.

Paul Scofield, sumamente rebaixado, formado en tantos *Rei Lear*, é o murmurador, a voceciña na cabeza, a menciña que mellora a febre do autor. Describe desde a ausencia unha necrópole de espíritos irritantes, un labirinto de citas: non tanto a ruina dunha grande cidade como a extirpación cirúrxica da súa alma. A actuación de Scofield mostra unha integridade cansa; é evidente que el non é o narrador. É unha performance –cansa, un campo limitado, sen interese. (O barbeiro na versión teatral de *Staircase* [A *escaleira* de Stanley Donen n.t.], que garda segredos, menciñeiro de remedios curativos). O home é vello para as aventuras que conta e reclama para si, é moi prudente, usa o inglés con absurda precisión –coma unha segunda linguaxe.

El di “bezaar” (no canto de “bizarre” n.t.). E si é estrano. Remoer as anécdotas e logo engulilas.

Os silencios das cousas que non poden ser máis longos do que son, lugares arrincados do seu eco. (“Ao medio día comía con Hitch na súa oficina”, Michale Powell, *A life in movies*. “O silencio nos filmes é coma un parrulo morto, Micky.”) O silencio do filme de Powell dentro dun outro filme, o diario, a *snuff-movie* disparada polo cámara desde o seu tripode baioneta. Londres como un labirinto, como un sistema pechado. Keiller describe de maneira aguda este silencio, a ausencia do debate, coma unha conspiración dos bairros, un ataque sobre a vida metropolitana e todas as súas comodidades por parte dos “provincianos”, dos arribistas que desconfían da liberdade dos café-bares, a falta de obxectivos do *flaneur*. Menciona a Alexander Henzen, a súa “fonte de inspiración”, quen vira a vida de Londres como unha caste de disciplina de soidade. (“O que aprende a vivir só xa non lle ten medo a nada”). A cidade ofrécese aos exiliados e poetas, homes do silencio vixiado, visionarios (Rimbaud e Verlaine) vagando polos peiraos, fumadores de opio, soñadores, buscadores de fontes enerxéticas invisibles. Gardas uniformados fan circular a distopia, como nos cárceres victorianos, como Pentonville, sobre o Sistema Silencioso. A alma do lugar oponse ao cinema, á luz. O seu clima burocrático está contra del. Ceos coa cor dunha carapucha de verdugo. A fuxida do asasino de esposas de colo almidonado, ollos no lixo. Industrias químicas ilegais repartindo Paraquat (herbicida, actualmente prohibido na UE, n.t.).

Máis alá as grandes áreas de consumo, a cidade detense. Keiller pode agardar, agochado nos campos, observando a caligrafía do vento sobre as augas. Xa nos ten falado disto dabondo. Pero nunca pode contalo todo. A multitude de vidas solitarias vive no medio dos circuitos da maré humana. Hai máis historia aquí do que unha persoa puidese levar. Así os cineastas pasan por Mortlake sen caer na conta do estado do Dr. John Dee, (o seu Angel Magick): o punto de saída para a deconstrucción punk de Derek Jarman: *Jubilee*.

Finalmente, Keiller sabe que Londres é unha ausencia, unha congregación de provincianos. Sen ter unha cultura real do “centro”, convertémonos no que vedes. Os sonámbulos de Eliot camiñan cara unha cidade de silencio, un artefacto do *marketing*, a excusa para a antoloxía dun político que caera en desgraza. O único cinema acaído para este Londres é o da vixiancia. Sen editar, mudo, xunto ao río, ameazante mesmo no seu aborrecemento. Diarios mantidos por máquinas. Os filmes caseiros dos aparcadoiros con varios andares. Cae un na conta e ti estás morto. Un cinema que non precisa de audiencia.

Texto de Ian Sinclair en BFI, xuño de 1994, Reino Unido
Tradución de Moncho Mariño